

38

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
15 minutos

Desafío

Coñecemento. Grupo

## QUEN SE MOVEU AQUÍ?

### MATERIAIS

Non precisa materiais.

### ESPAZO

Sen requisitos de espazo.

### DESCRICIÓN

O grupo dispónse dunha maneira específica no espazo.

Unha persoa observa o grupo e logo sae.

Algún elemento do grupo agóchase.

Convídase a entrar á persoa que saíu e pídeselle que adiviñe quen está faltando.

Para un grupo pequeno ou que se coñece abondo:  
as persoas do grupo ordénanse dalgún modo.

Cando a persoa sae ao exterior, múdase lixeiramente a orde.

Daquela o que vén do exterior debe adiviñar quen foi o que cambiou.

